

Proxecto de ORDE 2014 pola que se inicia o procedemento de integración, como persoal laboral da Xunta de Galicia, do persoal laboral fixo procedente da Sociedade Xestión do Solo de Galicia, Xestur S.A.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 20 de decembro de 2012 adoptou o acordo de autorizar a fusión das sociedades “XESTIÓN URBANÍSTICA DA CORUÑA, S.A.”, “XESTIÓN URBANÍSTICA DE LUGO, S.A.”, “XESTIÓN URBANÍSTICA DE OURENSE, S.A.” E “XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA, S.A.”, mediante a creación dunha nova sociedade denominada XESTIÓN DE SOLO DE GALICIA, XESTUR , S.A. ao abeiro do artigo 105.1 da lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector publico autonómico de Galicia.

En base a dita autorización, e logo dos tramites oportunos, con data 23 de decembro de 2013 elevouse a publico o acordo de fusión mediante creación dunha nova sociedade denominada Xestión de Solo de Galicia, Xestur , S.A.

Nos seus Estatutos, configúrase esta como unha sociedade mercantil publica autonómica das reguladas na sección 2ª do capítulo III do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No proxecto de fusión aprobado indicábase, que en relación ao persoal das sociedades, a fusión implica unha sucesión de empresa regulada no artigo 44 do Estatuto dos traballadores, polo que a sociedade resultante da fusión quedará subrogada en todas as obrigas laborais e da seguridade social que os anteriores empregados tiñan con seus respectivos empregados.

O artigo 55.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece que as disposicións que acorden a extinción das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico “...determinarán as medidas aplicables aos empregados do organismo que se suprime no marco da lexislación reguladora de cada tipo de persoal”.

Pola súa parte, a disposición transitoria sexta da devandita lei establece que “O consello da Xunta poderá adoptar as medidas necesarias en relación co persoal laboral fixo das entidades

instrumentais do sector público autonómico que se extingan, en atención a las características da súa relación de servizo, logo de negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos.”

Así mesmo, a disposición adicional décimo primeira da citada lei establece que “*O Consello da Xunta de Galicia, mediante decreto, poderá establecer os procedementos que habiliten a progresiva integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo das entidades instrumentais ás que lles sexa aplicable esta lei que non estea sometido á normativa xeral de función pública ou ao convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia.*”

En desenvolvemento das anteriores previsións legais, aprobouse o Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, norma que ven a establecer as bases ás que se suxeitarán os procedementos de integración voluntaria do persoal das entidades afectadas polo seu ámbito de aplicación e establecer os efectos da citada integración.

O artigo 6 b) do dito decreto establece o seguinte: “ Se as entidades que se adaptan contan con persoal laboral fixo non incluído no ámbito de aplicación do convenio colectivo único da Xunta de Galicia, iniciarase o procedemento regulado no título II deste decreto co obxecto de integrar, como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, o persoal que reúna os requisitos establecidos no artigo 9.1”

A dita finalidade responde a presente orde, regulando o procedemento de integración, como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, do persoal laboral fixo da procedente das distintas xestures que se fusionan na Sociedade de Xestión do Solo de Galicia, S.A., baixo os principios de voluntariedade, homologación e homoxeneidade das condicións previstas na normativa do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Por todo iso, en virtude das competencias conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e polo

Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e previa negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos,

DISPOÑO

Artigo 1º.- Obxecto e ámbito de aplicación:

1.- A presente Orde ten por obxecto iniciar e regular o procedemento de integración, como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, do persoal laboral fixo procedente da Sociedade de Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S.A.

2.- O proceso de integración rexerese polo previsto nesta Orde, así como polo establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.

3.- Poderá exercer a opción para se integrar como persoal laboral da Xunta de Galicia o persoal laboral da fixo procedente da Sociedade de Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S.A., sempre que reúna os seguintes requisitos:

- a) Ter contrato laboral fixo coa Sociedade de Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S.A. e cumprir os demais requisitos previstos no artigo 9.1.a) do Decreto 129/2012, do 31 de maio.
- b) Ter a titulación e demais requisitos esixidos para o acceso ao grupo e a categoría de homologación do convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades

autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- e) Estar en situación de servizo activo ou en situación que orixine dereito á reserva de praza ou posto.

3.- Non poderá exercer a opción para se integrar como persoal laboral da Xunta de Galicia o persoal que estivera vinculado á Sociedade de Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S.A. por un contrato de alta dirección o mediante unha relación laboral de carácter temporal ou indefinida non fixa. Igualmente tampouco poderá exercer o dereito de opción o persoal de carácter eventual ou alto cargo que non tivera a condición de persoal laboral fixo da mesma.

Artigo 2º.- Exercicio do dereito de opción:

1.- O exercicio da opción para se integrar deberá realizarse con carácter individual dentro do prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia, segundo o modelo de instancia que se xunta no Anexo II .

2.- As solicitudes dirixiranse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e poderá ser presentada en calquera dos lugares e formas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.- Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación, debidamente cotexada:

- a) Copia compulsada do documento nacional de identidade no suposto de non prestar o seu consentimento para a consulta dos seus datos de identidade recollido no Anexo II.

- b) Copia do contrato de traballo que acredite a condición de persoal fixo na entidade instrumental.
- c) Copia compulsada da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 9.1.a) do Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción
- d) Titulación académica esixida para o acceso ao grupo e categoría na entidade instrumental de orixe.
- e) Certificado da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- f) Copia da resolución pola que estime a suspensión do contrato de traballo e se determine a causa desta, de ser o caso.
- g) Certificado das retribucións percibidas no último ano da Sociedade de Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S.A. por conceptos e mensualidades.

Artigo 3º.- Resolución

1.- Examinadas as solicitudes, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas requirirá, se é o caso, ás persoas interesadas para que, no prazo de dez días hábiles, presenten ou completen a documentación que considere necesaria aos efectos de continuar a tramitación do procedemento. De non achegar a documentación solicitada no prazo establecido entenderase que desisten da súa solicitude e procederase á resolución de arquivo correspondente, de conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Recibidas todas as solicitudes e a documentación correspondente, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, remitirá á Dirección Xeral da Función Pública unha proposta sobre o grupo e a categoría en que se integrará o persoal afectado e o posto de traballo ao que se adscribe, nos termos establecidos no artigo 4.2 da Presente Orde, para os solicitantes que cumpran cos requisitos esixidos, de acordo coas táboas de correspondencia entre a titulación esixida na entidade de orixe e o Grupo profesional de homologación consonte ao V Convenio, que figuran como anexo da presente Orde. Así mesmo, remitirá os expedientes completos das solicitudes presentadas.

3.- Realizada a proposta, a Dirección Xeral da Función Pública, recadará informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

4.- Recibido o informe, constituirase unha comisión formada por representantes das Direccións Xerais de Planificación e Orzamentos, da Función Pública, de Avaliación e Reforma Administrativa e unha persoa proposta por cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos da Xunta de Galicia, cuxo cometido será realizar unha proposta definitiva sobre a integración e o grupo e categoría profesional na que se integra co cumprimento dos requisitos do artigo primeiro da presente orde.

5.- Realizada esta proposta da comisión, solicitarase informe da Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda en relación co cumprimento dos requisitos polas persoas interesadas para a súa integración consonte á devandita proposta.

6.- Finalmente a Dirección Xeral da Función Pública elevará a proposta de integración á persoa titular da Consellería de Facenda para que mediante Orde resolva o que proceda.

7.- O transcurso do prazo de tres meses desde o vencemento do prazo de presentación das solicitudes sen se ter ditado a resolución correspondente habilitará aos interesados para entenderen desestimadas as súas solicitudes.

Artigo 4º Efectos da integración:

1.A resolución de integración determinará o grupo e categoría profesional do convenio colectivo único da Xunta de Galicia no que se integra ao persoal interesado, o posto no que se integra e o carácter da adscrición ao posto. Terá carácter definitivo cando a integración como laboral fixo da Xunta de Galicia se produza nun posto de traballo en Xestur S.A. e sen ese carácter, en caso contrario.

2.-A integración suporá a novación da relación contractual e comportará a formalización dun contrato de traballo como persoal laboral fixo da Administración xeral da Xunta de Galicia.

3.- Ao persoal que, como consecuencia da integración, experimente unha diminución en cómputo anual das retribucións fixas e periódicas, reconeceráselle un complemento persoal de integración, de carácter transitorio, consistente na diferenza de retribucións, nos termos do establecidos na disposición transitoria primeira do Decreto 129/2012, do 31 de maio, de xeito, que a equiparación total producirase no prazo máximo de seis anos dende a súa integración como persoal laboral da Xunta de Galicia.

4.- Ao persoal integrado aplicaráselle, para todos os efectos, o réxime económico e xurídico do convenio colectivo único da xunta de Galicia, sen que en ningún caso orixine dereito a indemnización algunha.

5. Ao persoal laboral integrado faráselles, de acordo co previsto no artigo 12.5 do Decreto 129/2012, do 31 de maio, un recoñecemento de servizos para o cálculo da antigüidade para efectos de trienios, para adecuar a súa antigüidade en termos de homoxeneidade coa prevista no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

6.-Procederá a extensión da correspondente dilixencia de integración por parte da Consellería na que sexa destinado o persoal integrado.

Artigo 5º.- Efectos da non integración:

O persoal laboral fixo da Sociedade de Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S.A. adscrito que non solicite a súa integración ou, unha vez solicitada renuncie voluntariamente á mesma, así como os solicitantes que non cumpran os requisitos para que aquela se produza, poderá manter as súas condicións laborais sen prexuízo do disposto na Disposición adicional 3ª do Decreto 129/2012, do 31 de maio e do disposto no ordenamento laboral.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2014

A conselleira de Facenda

Elena Muñoz Fonteriz

ANEXO I

TITULACIÓN REQUIRIDA NA ENTIDADE	GRUPO E CATEGORÍA PROFESIONAL HOMOLOGACIÓN DO V CONVENIO
TITULADO SUPERIOR	GRUPO I-CATEGORÍA 04
TITULADO DE GRAO MEDIO	GRUPO II – CATEGORÍA 07
BACHARELATO OU F.P. DE 2º GRAO	GRUPO III – CATEGORÍA 062
GRADUADO ESCOLAR OU F.P. 1º GRAO	GRUPO IV – CATEGORÍA 01

Nota: Os grupos e categorías profesionais que se recollen no Anexo I da presente orde teñen por finalidade dar cumprimento ao disposto no artigo 8.3 do Decreto 129/2012, e establécense sen prexuízo do grupo e categoría profesional no que definitivamente se integre, de ser o caso, na Administración da Xunta de Galicia o persoal incluído no ámbito de aplicación da presente orde.



ANEXO II.SOLICITUDE DE INTEGRACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DA XUNTA DE GALICIA DO PERSOAL DA SOCIEDADE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA, XESTUR S.A.

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome:	NIF:
Enderezo:	Localidade:
Provincia:	Teléfono:

DATOS PROFESIONAIS

Categoría profesional á que pertence:	En situación de:
	Activo Excedencia Tipo de excedencia
	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Data da resolución
	Outras situacións de suspensión do contrato de traballo Data da resolución


GRUPO E CATEGORÍA DE INTEGRACIÓN

Grupo e categoría de integración (segundo Anexo I):

Autorizo á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a consulta dos meus datos de identidade a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Facenda e AA.PP.

si no

O/a solicitante que abaixo asina manifesta que son certos os datos que se fan constar nesta solicitude de integración como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia na CATEGORÍA DE
de..... de



Sinatura:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE, TERRIT. E INFRAESTRUTURA

DILIXENCIA: para facer constar que son certos os datos que o solicitante expón nesta solicitude.

Data

Sinatura do/da xefe do servizo de persoal

